

## **CONVOCATORIA DE PRAZAS NAS RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS DA UDC. CURSO 2024/2025**

A Universidade da Coruña (UDC) convoca prazas de aloxamento nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña e Ferrol para o curso académico 2024/25.

### **PRAZAS OFERTADAS:**

- Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña, 100 prazas.
- Residencia Pública Universitaria, Ferrol, 21 prazas

Destas prazas totais realizaranse as seguintes reservas:

RESERVA DE PRAZAS ALUMNADO	RESIDENCIA ELVIRA BAO	RESIDENCIA UNIV. FERROL
Alumnado 1º por 1ª vez	22	5
Alumnado con mobilidade reducida	2	1
Deportistas de alto nivel e alto rendemento	3	1

O período de **duración das estadias** será do **1 de setembro de 2024 ata o 30 de xuño de 2025**. As entradas durante o mes de setembro posteriores á data indicada, ou saídas durante o mes xuño anteriores á data indicada non implicará modificación de prezo.

### **DESTINATARIOS:**

- Alumnado de grao e máster que se matricule a tempo completo nun centro da UDC, nos campus da Coruña e Ferrol, para o curso 2024/25.

En relación coa vivenda habitual:

- **Residencia Pública Universitaria da Coruña, Elvira Bao:** como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio da Coruña ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios da Laracha, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, Miño, Oleiros, Ordes, Oza-Cesuras e Sada.

- **Residencia Pública Universitaria de Ferrol:** como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio de Ferrol ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño.

Para a adxudicación das prazas requirirase que a persoa solicitante acredite que, por razón da distancia do domicilio familiar ao centro docente e os medios de comunicación existentes, ten que residir fóra do domicilio familiar durante o curso.

### **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do 28 de maio ao 25 de xuño de 2024 ás 14:00h.**

Alumnado que se matricule **por primeira vez na UDC:** solicitará a praza a través do documento que figura como ANEXO III (A Coruña) ou ANEXO IV (Ferrol) ao final da [convocatoria](#). Deberán asinalo, xunto cos demais membros computables da unidade familiar, e presentalo coa documentación requirida en:

- A Coruña: na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudiantes (campus de Elviña)
- Ferrol: Negociado de Asuntos Xerais (campus de Esteiro)

### **BAREMO PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DE PRAZA:**

A puntuación total será a suma das puntuacións académica e económica.

### **MÁIS INFORMACIÓN:**

- **Consultas sobre a convocatoria:** Universidade da Coruña. **Sección de bolsas.** Pavillón de Estudiantes, Campus de Elviña. Tel. 981 167 000 e-correo [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal) co asunto: "residencias universitarias /prazas residencias".
- **Consultas sobre as residencias:**
  - A Coruña: [residenciauniversitaria.coruna@udc.es](mailto:residenciauniversitaria.coruna@udc.es)
  - Ferrol: [residenciauniversitaria.ferrol@udc.es](mailto:residenciauniversitaria.ferrol@udc.es)

[www.udc.gal/gl/sape/aloxamento](http://www.udc.gal/gl/sape/aloxamento)